

BASES DOS III PREMIOS DE COMUNICACIÓN DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia convoca a terceira edición dos Premios de Comunicación Xoán Vicente Viqueira do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, en colaboración con Brokers'88, dirixido a premiar aqueles traballos de comunicación que contribúan á divulgación da Psicoloxía e da profesión de psicólogo e psicóloga, que fosen publicados ao longo de 2023 nalgún medio de comunicación galego ou delegación galega.

BASES

1. Adxudicaranse dúas categorías de premios:

- a. **Premio Xornalístico do COPG.**
- b. **Premio de Comunicación.**

2. Poderán concorrer ao **Premio Xornalístico Xoán Vicente Viqueira** os e as xornalistas que publicasen ou emitisen algún traballo en relación coa Psicoloxía, a nivel individual ou grupal, en calquera formato xornalístico. Valoraranse os traballos que contribúan á divulgación da Psicoloxía e da profesión na sociedade a través dos medios de comunicación. Valorarase o carácter de servizo público, así como a súa calidade informativa e ética.

3. Poderán concorrer ao **Premio de Comunicación Xoán Vicente Viqueira** psicólogos e psicólogas colexiadas do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia que colaboren de forma frecuente e continuada cos medios de comunicación co obxectivo de divulgar a profesión da Psicoloxía na sociedade, desde o rigor, a ética e a vocación de servizo público.

4. A presentación poderá realizala o propio autor ou autora, ou o propio xurado, e cada participante poderá presentar ata 3 candidaturas. O xurado poderá propoñer, pero non pode ser autor, coautor ou ter vínculo algún co traballo obxecto de proposta.

5. Os traballos deberán ter sido publicados entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 31 de decembro de 2023, e o prazo de presentación estará aberto ata o 28 de febreiro de 2024.

6. Poderán presentarse traballos xornalísticos e de comunicación en calquera formato (prensa escrita, dixital, radiofónico ou audiovisual). Deberá proporcionarse unha copia dixital do arquivo (PDF, JPG, PNG, MP3, MP4, WMV), así como o enlace ao medio web no que está publicada a peza informativa, de ser o caso.

7. Deberán presentarse os traballos a través da sede electrónica do COPG, do correo electrónico ou por correo postal remitido ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (Rúa Espiñeira 10, baixo, 15706 Santiago de Compostela, A Coruña).

8. A dotación de cada categoría de premio será de 2.000 euros, do que se descontarán os impostos que correspondan. Poderán outorgarse mencións especiais en caso de que haxa traballos merecedores.

9. O fallo coñecerase durante o mes de abril de 2024.

10. O xurado será designado pola Xunta de Goberno do COPG, e integrarase por membros da Xunta de Goberno e representación de Brokers'88, así como por xornalistas profesionais. Os acordos tomaranse por maioría simple e o fallo do xurado será inapelable.

11. Valorarase na categoría de Premio Xornalístico a súa contribución á divulgación da Psicoloxía na sociedade, a utilidade social da profesión, así como a defensa deste ámbito da ciencia fronte ás pseudoterapias.

12. Valorarase na categoría de Premio de Comunicación a contribución á visibilidade da profesión da Psicoloxía na sociedade e da súa utilidade social, sexa cal sexa o ámbito, así como a rigorosidade, o compromiso coa ética e o Código Deontolóxico, e tamén a vocación de servizo público.

13. O COPG reservarase o dereito á reprodución dos traballos gañadores na forma en que estime oportuna.

14. Os traballos deben ser inéditos e propios do autor/a. En caso de incumprimento deste requisito, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia poderá ou ben non ter en conta o traballo, ou no caso de outorgarlle o premio, ter dereito ao ser reembolso.

15. As persoas participantes, polo feito de presentarse a este concurso aceptan a publicación dos seus datos persoais, no caso de seren elixidos como gañadores ou mención especiais, consistentes en nome, apelidos e número de colexiado, así como enlace ao artigo se é aberto, na páxina web, redes sociais e calquera medio de difusión dos premios que considere o Colexio.

16. A participación nesta convocatoria supón a plena aceptación das presentes bases por parte da persoa participante.

Anexo I

AUTOR/A

E-Mail

DNI / NIE

Nº COLEXIACIÓN (de ser o caso)

TELÉFONO MÓBIL

CATEGORÍA

Premio Xornalístico Xoán Vicente Viqueira

Premio de Comunicación Xoán Vicente Viqueira

BREVE CV

TÍTULO

MEDIO DE COMUNICACIÓN

FORMATO

DATA PUBLICACIÓN / EMISIÓN

ENLACE WEB

Información básica sobre protección de datos de carácter persoal

En cumprimento do Regulamento Europeo de Protección de Datos infórmase á persoa interesada do seguinte:

• **Responsable:**

- o Identidade: Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
- o CIF: Q-1500265-B
- o Dirección: Rúa Espiñeira, 10, baixo, na localidade de Santiago de Compostela, provincia da Coruña
- o Teléfono: 981 534 049
- o DPO: Cecilia Barros Díaz E-mail: copgalicia@copgalicia.gal

- **Finalidades:** Xestión das solicitudes a participar nos Premios de Comunicación Xoán Vicente Viqueira do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, así como das autorizacións, cesións de dereitos e declaracións responsables de gravación, filmación e cesión das mesmas.

- **Lexitimación:** RGPD: Art. 6.1. Consentimento do interesado, execución dun contrato
LO 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.

- **Colectivo:** Participantes Premio de Comunicación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

- **Categorías de Datos:** Nome e apelidos, número de identificación fiscal, enderezo electrónico, teléfono, autorización de participación, autorización de imaxe e autorización de cesión dos dereitos de difusión, explotación, e demais explicados nas bases.

- **Cesións:** Non se cederán datos a terceiros, salvo para os fins descritos no presente documento, ou as excepcións previstas pola normativa vixente.

- **Dereitos:** Acceso, rectificación, supresión e dereito ao esquecemento, limitación do tratamento, portabilidade, oposición reclamación ante á AEPD e a non ser obxecto de elaboración de perfíles. Dereito a revocar o consentimento prestado.

- **Máis información:** Nas dependencias do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.